

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 9 DE MAIO DE 2023**

### **PRESIDENTE:**

O alcalde, D. Óscar A. García Patiño

### **ASISTENTES:**

D. Juan González Leirós  
D<sup>a</sup> Lúa Sanguiñedo Álvarez  
D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto  
D. Daniel Mallo Castro  
D<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta  
D. Diego Alcantarilla Rei

### **NON ASISTE:**

D<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros

### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as nove horas do día nove de maio do ano dous mil vinte e tres, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. Óscar A. García Patiño, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Juan González Leirós, D<sup>a</sup> Lúa Sanguiñedo Álvarez, D. Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, D. Daniel Mallo Castro, D<sup>a</sup> María Dolores Pan Lesta e D. Diego Alcantarilla Rei.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D<sup>a</sup> Elisa Pestonit Barreiros.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

## **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO DÍA 2 DE MAIO DE 2023**

De conformidade co preceptuado nos artigos 108.2 e 133.4 do ROM, a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 2 de maio de 2023, da que se entregou copia coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 2 de maio de 2023.

## **2.- BOLETÍNS E CORRESPONDENCIA**

De orde da Presidencia, a secretaria xeral dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

- Anuncio da Xunta Electoral de Zona da Coruña, da publicación de candidaturas proclamadas nas eleccións locais 2023. BOP núm. 82, do 02-05-2023.

- Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña, de 2 de maio de 2023, para dar cumprimento ao previsto na alínea quinta da Instrución 4/2011, de 24 de marzo, da Xunta Electoral Central (BOE número 74, de 28 de marzo), de interpretación do artigo 66 da Lei orgánica do réxime electoral xeral no relativo a recursos contra os planes de cobertura informativa da campaña electoral. DOG núm. 85, do 04-05-2023.
- Resolución do presidente da Deputación provincial da Coruña, Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes, de aprobación das bases do programa FO221/2023. BOP núm. 84, do 04-05-2023.
- Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de 19 de abril de 2023, pola que se establecen os criterios de distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia para a participación en proxectos técnicos de creación e desenvolvemento de comunidades enerxéticas, previsto no artigo 59. catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 (código de procedemento PR486C). DOG núm. 85, do 04-05-2023.
- Acordo da Xunta Electoral Provincial da Coruña, de 3 de maio de 2023, para dar cumprimento ao previsto na alínea quinta da Instrución 4/2011, de 24 de marzo, da Xunta Electoral Central (BOE número 74, de 28 de marzo), de interpretación do artigo 66 da Lei orgánica do réxime electoral xeral no relativo a recursos contra os planes de cobertura informativa da campaña electoral. DOG núm. 86, do 05-05-2023.
- Resolución da Presidencia da Xunta Electoral Central, de 4 de maio de 2023, pola que se publica a distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública de ámbito nacional en relación coas eleccións locais a celebrar o 28 de maio de 2023. BOE núm. 107, do 05-05-2023.
- Corrección de erros da Instrución 4/2023, da Xunta Electoral Central, de 26 de abril, sobre distribución de espazos gratuítos de propaganda electoral nos medios de comunicación de titularidade pública e delegación de competencias nas Xuntas Elektorais de Comunidade Autónoma e Provinciais en relación coas eleccións de 28 de maio de 2023. BOE núm. 107, do 05-05-2023.
- Resolución da Presidencia da Xunta Electoral Central, de 4 de maio de 2023, pola que se toma coñecemento do Plan de cobertura informativa da Corporación RTVE para as eleccións locais a celebrar o 28 de maio de 2023. BOE núm. 107, do 05-05-2023.
- Orde da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, de 3 de maio de 2023, pola que se modifica a Orde de 29 de decembro de 2022 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2023, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas á entidades locais de Galicia. DOG núm. 88, do 09-05-2023.
- Resolución da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional, Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunicades autónomas e entidades locais. BOE núm. 110, do 09-05-2023.

### **3.- PROPOSTAS**

#### **3.1. PROPOSTA RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MENOR CORRESPONDENTE Á "SUBMINISTRACIÓN E MONTAXE DE MOBILIARIO URBANO E XOGOS INFANTÍS SIMPLES PARA ZONA DE ESPAREXEMENTO PÚBLICA MUNICIPAL SITUADA NA URB. CASTROS DO BOSQUE-LUGAR DE QUINTÁN-CECEBRE". (EXP: 2023/C002/000008)**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de maio de 2023 (CVD: QRzu4JQmNrR3D5EEuDWc), que transcrita di:

#### **"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto que con data do 28.02.2023 publicouse na plataforma de contratación do estado a licitación do expediente de contrato menor da "Subministración e montaxe de mobiliario urbano e xogos infantís simples para zona de espaxemento pública municipal situada na Urb. Castros do Bosque – Lugar de Quintan-Cecebre", Exp: 2023/C002/000008, finalizándose o prazo de presentación de ofertas o 07/03/2023.

Visto que consta no dito expediente o documento de retención de crédito asinado con data do 23.02.2023 (código para validación: MJUIQ-HGLXY-BN7X6) por importe de 16.544,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria "1532 62500 Mobiliario pavimentación de vías".

Visto que no expediente presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan:

- CARPINTERIA MORGASAN, S.L.
- MOYCOSA, S.A.
- JARDINERIA ARCE, S.L.

Visto o informe de selección de contratista emitido polo enxeñeiro técnico industrial municipal, don Ignacio Fernández Díaz, con data do 17/03/2023, (CVD: X3FuVIXv3a0IPlu+I0SU) no que sinala:

(...) *En relación co expediente de contrato menor de referencia emítese o seguinte **INFORME**:*

**Primeiro:** *No expediente presentaron oferta as empresas que a continuación se relacionan*

- |                             |              |
|-----------------------------|--------------|
| - CARPINTERIA MORGASAN S.L. | B-36.819.092 |
| - MOYCOSA S.A.              | A-78.963.071 |
| - JARDINERIA ARCE S.L.      | B-15.547.979 |

**Segundo:** *As empresas relacionadas anteriormente presentaron as seguintes ofertas*

<b>Empresa</b>	<b>Oferta sen IVE</b>	<b>Oferta IVE incluído</b>
CARPINTERIA MORGASAN S.L.	11.346,40 €	13.429,14 €
MOYCOSA S.A.	12.815,20 €	15.506,39 €
JARDINERIA ARCE S.L.	12.574,00 €	15.214.54 €

**Terceiro:** Tendo en conta que o criterio de selección da oferta máis vantaxosa é o prezo, **PROPOÑO:**

Adxudicar o contrato menor correspondente a “SUBMINISTRACIÓN E MONTAXE DE MOBILIARIO URBANO PARA ZONA DE ESPARCIMIENTO PÚBLICO MUNICIPAL. UBICADA NA URBANIZACIÓN CASTROS DO BOSQUE, LUGAR DE QUINTÁN, CECEBRE á empresa **CARPINTERIA MORGASAN S.L.**, con **B-36.819.092**, domicilio en Barrio Hervillas nº4 A, CP: 36.389, Gondomar - Pontevedra no prezo ofertado de 11.346,40 € sen IVE, 13.429,14 € IVE incluído, por ser a empresa que fixo mellor oferta atendendo ao único criterio de valoración, factor prezo.(...)”

Visto o informe desfavorable emitido pola técnica de xestión de administración xeral, coa conformidade da secretaria xeral, de data 27.04.2023 (CVD: buo1vS2ls8heJIRDbngA) no que se sinala:

(...)A xuízo da técnica que subscribe, estamos ante unha contratación previsible, á que tampouco pode atribuírsele o carácter de urxente, pois a falta de planificación dunha contratación previsible non a define como tal. En consecuencia, non se cumpren os requisitos legais esixidos para poder aplicar o contrato menor, evitando a tramitación ordinaria e, con ela, a publicidade, libre concorrência, igualdade e transparencia que debe presidir toda a contratación pública.

Convén precisar que, se ben esta contratación foi publicada na PLACSP con data do 28.02.2023 (facéndose constar no anuncio de licitación que se abriu un prazo de presentación de ofertas de 5 días hábiles, a través da sede electrónica deste Concello), a dita publicación non cumpre por si sola os requirimentos legais esixidos, xa que a LCSP é taxativa cos procedementos de contratación que poden aplicarse en cada suposto, e non reunindo esta contratación os requisitos propios do contrato menor, non se axusta á normativa a súa tramitación como tal. En definitiva, a súa publicación na PLACSP nin subsana nin completa, nin en todo nin en parte, a falla do procedemento establecido na normativa de aplicación; cuestión esta que non resulta baladí, pois o procedemento administrativo é a garantía de que a Administración opera con sometemento pleno á Lei e ó Dereito.

Non se estudan o resto dos extremos do expediente, tanto de forma como de fondo porque, a xuízo da que subscribe, non procede a súa aprobación.

### **CONCLUSIÓN:**

En atención ao exposto, infórmase desfavorablemente o expediente relacionado neste informe, que consta na plataforma TEdE co número 2023/C002/000008.(...)

Visto o informe de fiscalización JUA NUM 155/2023 - REPARO 40 R, emitido polo interventor da Corporación con data do 03 de maio de 2023. (CVD: iRw8WOZcx/RHXTdIE+A5).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

**Primeiro:** Autorizar e dispoñer o gasto no expediente de contrato menor núm. 2023/C002/000008 cuxo obxecto do contrato é a “Subministración e montaxe de mobiliario urbano e xogos infantís simples para zona de espaxamento pública municipal situada na Urb. Castros do Bosque – Lugar de Quintan-Cecebre”, con cargo á aplicación orzamentaria “1532 62500 Mobiliario pavimentación de vías” por importe de 16.544,00 euros.

**Segundo:** Adxudicar o contrato menor correspondente a “Subministración e montaxe de mobiliario urbano e xogos infantís simples para zona de espaxamento pública municipal situada na Urb. Castros do Bosque – Lugar de Quintan-Cecebre” no prezo ofertado á empresa CARPINTERIA MORGASAN S.L., con B-36.819.092, domicilio en Barrio Hervillas nº4 A, CP: 36.389, Gondomar - Pontevedra no prezo ofertado de 11.346,40 € sen IVE, 13.429,14 € IVE incluído.

**Terceiro:** Designar responsable do contrato o enxeñeiro de camiños municipal, don Oscar Souto Muiño a quen corresponde supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

**Cuarto:** Notificar ao adxudicatario, para que execute o contrato nas condicións acordadas, coa incorporación da correspondente factura, unha vez conformada polo responsable do contrato.

**Quinto:** Dar traslado deste acordo, a través da plataforma de administración electrónica TEDeC, ao interventor municipal e ao responsable do contrato.

**Sexto:** Publicar o presente acordo no termos establecidos nos artigos 63.4 e 346.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e artigo 8.1 a) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

Este acordo, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa. A teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnala directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 3 de maio de 2023 (CVD: QRzu4JQmNrR3D5EEuDWc), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.2. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “REFORMA DE PLANTA BAIXA DO CENTRO SOCIOCULTURAL DE BREXO-LEMA. (EXP: 2022/C003/000014)**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de maio de 2023 (CVD: V8twzdKzfFD/sRowyQa), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/000014 para a contratación da obra “Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo Lema”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2023 polo que se adjudicou a obra á empresa “Groma Obras, S.L.”

Visto o informe emitido polo director de obra para a aprobación do Plan de Xestión de Residuos, con entrada neste concello en data 03 de maio de 2023 e rexistro de entrada 202399900002784, aportado pola empresa adjudicataria Groma Obras, S.L. para a obra de referencia.

Visto o informe emitido con data 03 de maio de 2023 (CVD: nHTbxElxM5XV/mkKlrrQ) pola arquitecta técnica municipal interina, dona Susana Bahamonde López, no que entre outras cousas se sinala:

*(...)Visto el informe favorable emitido por el Director de Obra para la aprobación del Plan de Gestión de Residuos aportado por la empresa contratista de la obra de referencia (entrada 202399990000278 de fecha 03/05/2023) y en función de lo estipulado en el RD 105/2008 por el que se regula la producción y gestión de residuos de construcción y demolición, y a la Orden MAM/304/2002 por la que se publican las operaciones de valoración y eliminación de residuos y lista europea de residuos, EMITO INFORME FAVORABLE para su aprobación, y por lo tanto, propongo:*

- *Elevarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación.(...)*

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o Plan de Xestión de Residuos presentado pola empresa “Groma Obras, S.L.” para a execución da obra denominada “Reforma da planta baixa do centro sociocultural de Brexo Lema”. Expediente: 2022/C003/000014

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa adjudicataria, ao director de obra e ao responsable do contrato e á arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López para a súa constancia e para os efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de maio de 2023 (CVD: V8twzdKzfIFD/sRowyQa), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

### **3.3. PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS PARA A EXECUCIÓN DA OBRA “AMPLIACIÓN DE DESMONTE E MURO PERIMETRAL EN BREXO (POUSADOIRA) - CAMBRE”. EXP: 2022/C003/000015)**

A Presidencia somete á aprobación da Xunta de Goberno Local, a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de maio de 2023 (CVD: yvPnN9UxpAE7RqJEI+YC), que transcrita di:

#### **“PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ECONOMIA, FACENDA E RECURSOS HUMANOS PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

Visto o expediente de contratación incoado co número 2022/C003/000015 para a contratación da obra “Ampliación de desmonte y muro perimetral en Brexo (Pousadoira) - Cambre”.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de febreiro de 2023 polo que se adjudicou a obra á empresa “Groma Obras, S.L.”

Visto o informe emitido polo director de obra para a aprobación do Plan de Xestión de Residuos, con entrada neste concello en data 03 de maio de 2023 e rexistro de entrada 202399900002783, aportado pola empresa adjudicataria Groma Obras, S.L. para a obra de referencia.

Visto o informe emitido con data 03 de maio de 2023 (CVD: ufj9UD1aAmvSZfDCJagG) pola arquitecta técnica municipal interina, dona Susana Bahamonde López, no que entre outras cousas se sinala:

*(...)Visto el informe favorable emitido por el Director de Obra para la aprobación del Plan de Gestión de Residuos aportado por la empresa contratista de la obra de referencia (entrada 2023999900002783 de fecha 03/05/2023) y en función de lo estipulado en el RD 105/2008 por el que se regula la producción y gestión de residuos de construcción y demolición, y a la Orden MAM/304/2002 por la que se publican las operaciones de valoración y eliminación de residuos y lista europea de residuos, EMITO INFORME FAVORABLE para su aprobación, y por lo tanto, propongo:*

- *Elevarlo al Órgano de Contratación para proceder a su aprobación.(...)*

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo , e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

**Primeiro:** Aprobar o Plan de Xestión de Residuos presentado pola empresa “Groma Obras, S.L.” para a execución da obra denominada “Ampliación de desmonte y muro perimetral en Brexo (Pousadoira) - Cambre”. Expediente: 2022/C003/000015.

**Segundo:** Notificar este acordo á empresa adxudicataria, ao director de obra e ao responsable do contrato e á arquitecta técnica municipal, dona Susana Bahamonde López para a súa constancia e para os efectos oportunos.

De conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pon fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderá recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalgo directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentarse perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que se poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que se estime procedente.”

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 5 de maio de 2023 (CVD: yvPnN9UxpAE7RqJEI+YC), resultando aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión, polo que devén en acordo nos termos anteriormente expostos.

#### **4.- INFORME DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLOS CONCELEIROS DELEGADOS DE ÁREA DENDE A ANTERIOR XUNTA DE GOBERNO LOCAL**

A Presidencia dá conta á Xunta de Goberno Local das resolucións da Alcaldía e concellerías delegadas de área, ditadas dende o día 27 de abril ao 4 de maio de 2023, que comezan coa resolución da Alcaldía núm. 748/2023 e rematan coa resolución da concelleira delegada da área de Benestar Social núm. 790/2023, segundo se relacionan a continuación:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
748/2023	27-04-2023	Delegar na concelleira dona Lúa Sanguñedo Álvarez para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de JTF e CVF
749/2023	27-04-2023	Delegación da presidencia da sesión da Comisión de seguemento e avaliación do Plan estratéxico de subvencións do día 28 de abril de 2023
750/2023	27-04-2023	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 2 de maio de 2023
751/2023	27-04-2023	Conceder a tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: aECM
752/2023	27-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: DPC
753/2023	27-04-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: MCFM





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

754/2023	28-04-2023	Autorizar a creación do selo electrónico "SELO ELECTRÓNICO CONCELLO DE CAMBRE APLICACIÓNS TRIBUTARIAS"
755/2023	28-04-2023	Aprobar as despesas correspondentes ás achegas do concello pola Seguridade Social do mes de marzo de 2023, así coma tamén autorizar, dispor e recoñecer as obrigas correspondentes aos anteditos gastos. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das cotas dos traballadores á Seguridade Social correspondentes ao mes de marzo de 2023 por importe de 25.042,70 euros. Aprobar a proposta de mandamento de pago, así coma o seu pagamento, das retencións practicadas na nómina de abril de 2023 por importe de 1.108,02 euros
756/2023	28-04-2023	Nomear a JCPG operario condutor interino, encadrado na escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios pertencente a outras agrupacións profesionais, por exceso ou acumulación de tarefas, adscrito á Brigada de Obras municipal, por un prazo máximo de catro meses, de conformidade co artigo 23-2 d) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia
757/2023	28-04-2023	Nomear a AZM técnica de xestión de Administración xeral interina, encadrada na escala de Administración xeral, Subescala de xestión, pertencente ao subgrupo de clasificación profesional "A-2" para a cobertura do posto vacante de técnico de xestión de Administración xeral, de conformidade co art. 23.2 a) da Lei 2/2015, do Emprego Público de Galicia
758/2023	28-04-2023	Aprobar o expediente de xeración de crédito número 3/2023 por importe de 3.589,45 euros
759/2023	28-04-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JRC para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Sigrás de Abaixo, Sigrás, invadindo o camiño público 1C.1.0122, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exhibibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
760/2023	28-04-2023	Arquivar o expediente de reposición da legalidade número 2023/1002/000005 incoado a CLA alzando a medida de suspensión cautelar da utilización da cheminea existente na grellada sita en Curros Enríquez, O Temple, así como a utilización da grella, habida conta de que as deficiencias que deron lugar á incoación do dito expediente foron subsanadas
761/2023	02-05-2023	Levantar os reparos formulados pola intervención municipal no informe de intervención JUA núm. 40/2023 - reparo 10 R, de 29 de xaneiro de 2023 (CVD: Q/bTd+IhbliQDKudgreJ). Aprobar as facturas por importe de 3.405,53 euros
762/2023	02-05-2023	Delegar no concelleiro don Brais Cubeiro Fernández para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de TRM e ARFG
763/2023	02-05-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para pagamento de recibo de alugueiro do mes de febreiro de 2023 por importe de 350 euros. Solicitante: ESBM



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

764/2023	02-05-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para dous recibos de alugueiro de xaneiro e febreiro de 2023 por un importe total de 746 euros. Solicitante: ESLC
765/2023	03-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da Intervención municipal por importe total de 3.284,93 euros
766/2023	03-05-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: EV
767/2023	03-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a MDPL para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Cobelo, Pravio, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
768/2023	03-05-2023	Aprobar o padrón do prezo público por actividades deportivas do programa das escolas de actividade física e saúde ano 2023 correspondente ao mes de abril 2023 que comprende 241 recibos e 124 cotas cero por un importe total de 1.255,45 €
769/2023	03-05-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: JRDM
770/2023	03-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de NO para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Carballás, Pravio, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
771/2023	03-05-2023	Conceder a renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade. Solicitante: APV
772/2023	03-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a M& SI SL e C& para a roza da vexetación existente nas fincas sitas no lugar da Telva, Sigrás, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
773/2023	03-05-2023	Iniciar expediente para a declaración de ruína a CEM e aos herdeiros de AMM pola edificación sita en Roncesvalles, parroquia de Brexo, de acordo co disposto no artigo 141 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia.
774/2023	03-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a EGdeD para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Sigrás de Abaixo,



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Sigrás, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
775/2023	03-05-2023	Arquivar o expediente número 2022/I004/000136 incoado á CdeP polo desprendemento do revestimento da chadada lateral traseira do edificio sito en Rúa Polígono, O Temple, xa que como queda acreditado no expediente foi executada a retirada do material desprendido da fachada do edificio que se atopaba caído sobre a vía pública, e tamén executouse a correspondente reparación do revestimento da fachada lateral traseira
776/2023	03-05-2023	Arquivar o expediente número 2022/I002/000036, incoado a ELS por actos realizados no camiño de acceso á parcela sita en Socampo (Cambre), consistentes na execución dun muro para a contención de terras, sen título habilitante, quedando solventado coa comunicación previa presentada a través do expediente 2022/U026/000309
777/2023	03-05-2023	Denegar a axuda de emerxencia social para alimentación xa que segundo o disposto no artigo 22.1, non cumpre os requisitos esixidos no artigo 2, o límite de ingresos da unidade de convivencia é superior ao establecido. Solicitante: MCD
778/2023	03-05-2023	Considerar desesitada a MPFM da solicitude de axuda para alimentación básica e hixiene persoal establecida no artigo 6 da ordenanza reguladora presentada en data 20/03/2023 e número de rexistro de entrada 202300300000591, por non achegar a documentación requirida no prazo establecido, e declarar, en consecuencia, o arquivo do procedemento
779/2023	04-05-2023	Recoñecemento de obrigas correspondentes a facturas con reparos da intervención municipal por importe total de 14.466,59 euros
780/2023	04-05-2023	Aprobar a incorporación de remanente de crédito do exercicio 2022 número 13/2023 por importe de 26.904,42 euros nas aplicacións e proxectos recollidos no antedito cadro, financiada na súa totalidade con remanente de tesourería para gastos xerais
781/2023	04-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a JPP para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Penouviña, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
782/2023	04-05-2023	Conceder a axuda emerxencia social alimentación por un período máximo de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: SVM
783/2023	04-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MLRS para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Penouviña, Cambre, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da

		Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados.
784/2023	04-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CMM para a roza da vexetación existente na finca sita no lugar de Sigrás de Abaixo, Sigrás, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
785/2023	04-05-2023	Iniciar expediente de orde de execución a CJAL para a roza da vexetación e a retirada dos materiais residuais existentes na finca sita no lugar de Sigrás de Abaixo, Sigrás, de acordo co disposto polos arts. 135 e 136 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia, que obrigan aos propietarios de terreos, construcións, edificios e instalacións a conservalos nas condicións de seguridade, salubridade, accesibilidade universal e ornato legalmente exixibles, correspondendo ao Concello ordenar a execución das actuacións necesarias para dar debido cumprimento aos deberes sinalados
786/2023	04-05-2023	Delegar no concelleiro don Ramón Boga Moscoso para que reciba o consentimento na celebración do matrimonio de LLO e JGP
787/2023	04-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
788/2023	04-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
789/2023	04-05-2023	Expedientes sancionadores de tráfico
790/2023	04-05-2023	Conceder a axuda de emerxencia social para recibo de alugueiro do mes de marzo de 2023. por importe de 500 euros. Solicitante: GSJ

## **5.- ASUNTOS SOBREVIDOS**

Non se tratou ningún.

## **6.- ROGOS E PREGUNTAS**

Non se formula ningún/ningunha.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as nove horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

O presidente

Óscar A. Garcia Patiño

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo